

**III CONVOCATORIA PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA
COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO (PCC) PARA
PDI E PAS. Segunda Edición**

2014

Oficina de Cooperación e Voluntariado
Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación
Universidade da Coruña

1. INTRODUCCIÓN

Tras a conclusión do procedemento de asignación de prazas en proxectos de cooperación que resultou da *III Convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Realidade para PAS e PDI 2014*, aínda existen vacantes que poden poñerse a disposición do PAS e PDI da UDC que desexe realizar unha estadía nun país en vías de desenvolvemento durante este ano 2014. Co mesmo obxectivo sinalado na anterior convocatoria de dar a posibilidade de facer unha estadía nun proxecto de cooperación ao desenvolvemento, a Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación fai pública esta segunda edición da Terceira Convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Cooperación ao Desenvolvemento (PCC).

Os Proxectos de Coñecemento da Cooperación ao Desenvolvemento (PCC) son unha iniciativa en que o Persoal de Investigación (PDI) e o Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Universidade da Coruña ten a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación e que o traballo que desenvolva lle de a coñecer o funcionamento dos proxectos de cooperación internacional. Ademais disto, a realización dun PCC constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para as propias persoas beneficiarias, como para a sociedade en xeral xa que, tras o regreso da estadía, se realizan charlas para dar a coñecer a experiencia.

A **Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña** abre esta segunda edición da convocatoria a todo o PAS e o PDI desta universidade que estea interesado en participar en programas de accións de coñecemento da realidade dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Mediante este programa procúrase un proceso de reflexión desde unha vertente práctica, para implicar ás persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur e no traballo que se leva a cabo desde Galicia, fundamentalmente de sensibilización.

2. CARACTERÍSTICAS DOS PCC OFERTADOS

Igual que na primeira edición, a Oficina de Cooperación e Voluntariado poderá financiar varios PCC en función das solicitudes recibidas, e poderá optar todo aquel PDI ou PAS da Universidade da Coruña que presente un proxecto de coñecemento dun proxecto de cooperación para levar a cabo un traballo de investigación e/ou acción-participación, que conte co respaldo dunha ONGD ou dun grupo de investigación que estea a desenvolver un proxecto de cooperación nun país en desenvolvemento e que teña a súa correspondente contraparte local.

Os eidos de actuación dos PCC poderán ter un carácter especificamente técnico (proxectos de saneamento, hidráulica, construción e rehabilitación etc.) ou de calquera outro (educación, desenvolvemento comunitario, empoderamento da muller, capacitación de persoal técnico local, etc.)

3. DATAS DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS E DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

A solicitude presentarase no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos Rexistros Auxiliares da Coruña (Casa do Lagar, campus de Elviña, 15191 A Coruña) ou de Ferrol (rúa Vázquez Cabrera, s/n, campus de Esteiro, 15403 Ferrol) en horario de 9:00 a 14:00 h, sendo a data máxima para a súa entrega o 12 de maio de 2014.

Os formularios da solicitude de participación na convocatoria formalizaranse nos anexos que se achegan a esta convocatoria.

Só se admitirá unha candidatura por persoa.

A solicitude acompañarase dos seguintes documentos:

- DATOS PERSOAIS. ANEXO I.
- FOTOCOPIA DO DNI.
- BREVE CURRÍCULO DO PAS/PDI (especificando a formación ou experiencia previa en temas de cooperación ao desenvolvemento). Anexo II
- Acreditación de ser PDI ou PAS e da antigüidade na Universidade da Coruña.
- Achegarse o ORZAMENTO da viaxe á cidade/país de destino e do seguro da viaxe (enfermidade e accidentes), o máis estimativo posible.
- Resumo das ACTUACIÓNS A DESENVOLVER no país seleccionado, cos obxectivos, actividades e o cronograma detallado do PCC no que se vai participar. ANEXO III
- CARTA DE MOTIVACIÓN, xustificando o perfil do PDI/PAS e a súa adecuación ao posto. ANEXO IV.
- CARTA DE PRESENTACIÓN asinada pola ONGD, contraparte local ou polo director ou directora do proxecto de cooperación en que expresará **claramente** o seu interese en que o PDI/PAS realice o PCC. ANEXO V
- DATOS DA ONGD e da súa contraparte. ANEXO VI.

4. CONTÍA DAS AXUDAS, DURACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO

A contía total desta III convocatoria é de 10.000 euros (menos o importe dos PCC concedidos na primeira edición desta convocatoria. Ver asignación de bolsas na web: http://www.udc.es/ocv/actualidade/2014/III_Convocatoria_PCC.html), que se tramitarán con cargo á partida orzamentaria 08000806 422D 48600 denominada “Axudas para cooperación ao desenvolvemento”, sen prexuízo de que este importe inicial puidera ser incrementado. En función da calidade dos PCC presentados, as axudas poderán concederse a unha, a varias ou a ningunha das candidaturas presentadas. As ditas axudas consistirán en:

- **a viaxe á cidade/país de destino e o regreso a España**
- **o seguro da viaxe (accidentes e enfermidade)**
- **achega aos gastos derivados da manutención no país de destino**

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O aloxamento e o desprazamento ás diferentes comunidades onde se estea a desenvolver o proxecto correrán a cargo da ONGD que ampara ao PDI/PAS, da súa contraparte local ou da propia persoa solicitante.

Os PCC que se ofertan terán unha duración mínima de 1 semana e un máximo de 4 semanas. O comezo deste proxecto terá que ter lugar desde a publicación desta convocatoria e até o día 14 de novembro de 2014, sen superar nunca o período máximo establecido.

O aboamento da contía farase da seguinte forma:

- Achegarase o 80% da cantidade asignada no momento da resolución da convocatoria, á que se lle aplicará, de ser o caso, as retencións correspondentes. Con anterioridade ao inicio da tramitación do pagamento, o PDI/PAS, deberá entregar a factura xustificativa da axencia de viaxes correspondente.
- Finalizada a viaxe, solicitarase a memoria final do proxecto, momento no que se fará entrega do 20% da axuda restante, á que se lle aplicará, de ser o caso, as retencións correspondentes.

5. PERFIL REQUIRIDO E REQUISITOS SOLICITADOS

A) Perfil

1. Ser PDI ou PAS da Universidade da Coruña.
2. Posuír formación no eido da cooperación ao desenvolvemento (mestrado, cursos, charlas, xornadas etc.)
3. Ter capacidade para convivir e traballar en equipo, e estar en condicións para facelo en ambientes culturais e económicos diferentes. A persoa seleccionada realizará unha **entrevista persoal** na que se valorarán estas cuestións.
4. Posuír experiencia en campos de traballo, actividades de voluntariado, movementos sociais ou asociativos.
5. Ter formación específica cando sexa requirida (idiomas, etc.)

B) Requisitos solicitados

1. Que o traballo a desenvolver pola persoa solicitante no Proxecto de Cooperación ao Desenvolvemento estea de acordo coa súa formación profesional.
2. Que o Proxecto no que participe a persoa solicitante teña unha repercusión práctica, avaliable e cuantificable en termos de desenvolvemento dos seus destinatarios.
3. Que o país onde se realice o Proxecto estea incluído na relación vixente dos países receptores de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) do Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017.
4. Que o obxectivo do Proxecto no que participe a persoa solicitante estea dirixido a satisfacer directamente o indirectamente necesidades sociais básicas das poboacións desfavorecidas dos países en desenvolvemento.
5. Que o Proxecto conte cun socio ou contraparte no lugar da súa execución, que poderá ser tanto unha persoa física como xurídica, e que represente lexitimamente os intereses das persoas beneficiarias. Valorarase especialmente a participación como contrapartes de universidades ou outras institucións de investigación ou de ensinanza superior, aínda que tamén será posible a intervención como socios no país de destino de organizacións non gobernamentais, fundacións ou outras organizacións, sempre que carezan de ánimo de lucro.
6. Que tanto o proxecto como a persoa solicitante e o responsable socio ou contraparte local carezan de ánimo de lucro.

6. PRIORIDADES DE CONCESIÓN

As propostas de resolución e a conseguinte resolución estarán suxeitas aos seguintes recursos de selección:

- Currículo e experiencia en Cooperación ao desenvolvemento da persoa solicitante (máx. 3 puntos)
- Contribución do proxecto a favorecer o desenvolvemento humanos e beneficio aos grupos máis desfavorecidos (máx. 2 puntos)
- Entrevista persoal (máx. 3 puntos)
- Cursos de idiomas no caso de ser requiridos para o perfil solicitado (máx. 2 puntos)
- Execución do proxecto en países prioritarios para a cooperación galega segundo o Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 (máx. 2 puntos)
- O interese para a Universidade da Coruña (máx. 1 punto)
- PDI/PAS non perceptor da bolsa en anos anteriores (máx. 2 puntos)

7. RESOLUCIÓN

Nun máximo de 15 días dende o fin do prazo de presentación das candidaturas, a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informará sobre a correspondente resolución. Nela indicárase a identidade da persoa ou das persoas beneficiarias e das candidaturas incluídas na listaxe de reserva.

A comisión encargada da valoración das solicitudes estará formada por:

- a. Natalia Álvarez Lata. Vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación.
- b. José Jesús Cendán Verdes. Director da Oficina de Cooperación e Voluntariado.
- c. Lorena Rilo Pérez. Técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado.
- d. Ou persoas que as substitúan legalmente.

As persoas solicitantes serán informadas oportunamente sobre a resolución, tanto se son seleccionadas como no caso contrario. No caso das persoas seleccionadas, entenderase que aceptan as condicións e termos da proposta de concesión de axudas.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.



8. RENUNCIAS

As renuncias ás axudas deberán comunicalas as persoas interesadas á Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña. Tales renuncias poderán ser substituídas polas candidaturas incluídas na listaxe de reserva. No caso de que as axudas non poidan ser cubertas polos titulares ou reservas, a Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria.

9. OBRIGAS ADQUIRIDAS

- Asinar unha carta de aceptación e/ou renuncia trala resolución da convocatoria e previo á marcha ao país de destino.
- Ao regreso, participar nunha actividade de sensibilización a determinar pola Oficina de Cooperación e Voluntariado, na que relatará a súa experiencia no terreo.
- Presentación de documentación visual (fotografías ou vídeos) da súa participación no PCC.
- Presentación da memoria do proxecto levado a cabo, cun prazo máximo dun mes despois do retorno da estadia.
- Compromiso ético de comportamento axeitado e respectuoso coas normas culturais e as leis do país onde vai a levar a cabo o PCC.
- Cubrir unha enquisa de satisfacción ao regreso da estadia.

10. INCUMPRIMENTOS

O incumprimento total ou parcial do establecido na presente convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido.

Igualmente, no suposto recollido no apartado 3, do artigo 19 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder.

O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou da súa xustificación insuficiente, levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Coruña, 2 de maio de 2014

A vicerreitora de Relacións

Internacionais e Cooperación

Natalia Álvarez Lata

**ANEXO I
SOLICITUDE**

Nome e apelidos _____

DNI _____

Posto _____

Departamento _____

Área _____

Teléfonos _____

Correo electrónico _____

País onde se desenvolverá o proxecto _____

PDI ☐**PAS** ☐**Datos do proxecto****Título do proxecto (no caso da autocandidatura) ou posto ao que presenta candidatura (no caso da preselección)***Data de inicio**Data de finalización***Importe total solicitado á OCV:**

Concepto	Importe
Billete de avión	
Seguro da Viaxe	
Aportación aos gastos de manutención	

A Coruña, _____ de _____ de 2014
(sinatura)

ANEXO II BREVE CURRICULUM

1. BREVE CURRICULUM

Datos persoais

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data nacemento:	Nacionalidade:	D.N.I. núm.:
Domicilio: rúa, número e piso:	Localidade e provincia:	Código postal:
Teléfono/s de contacto:	Enderezo de correo electrónico:	

Datos académicos

Título académico	Ano de finalización

Cursos de formación específica

Denominación do curso	Organismo, entidade ou centro	Nº horas

Experiencia en voluntariado, campos de traballo, movementos sociais ou asociativos

Experiencia laboral

Denominación do posto	Organismo, entidade ou centro	Nº anos

Idiomas

--	--	--

ANEXO III

FORMULARIO DO PROXECTO

1. DATOS BÁSICOS DO PCC

Título do PCC ou posto:

Lugar ou lugares de execución do PCC:

Duración do PCC:

Ámbito de actuación do PCC (saúde, vivenda, educación, saneamento...):

Breve resumo do proxecto:

Obxectivos xerais e específicos do PCC:

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PCC

(utilizar máis espazo si é necesario)

3. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES (indicar datas de realización, prazos, comezo e fin de actividades...)

ANEXO IV
CARTA DE MOTIVACIÓN

1. CARTA DE MOTIVACIÓN DA PERSOA CANDIDATA

ANEXO V
CARTA DE PRESENTACIÓN DA ONGD

Don/dona, _____, con DNI n.º _____ en
calidade de _____, da entidade _____,
con domicilio social en _____
cidade _____, código postal _____, CIF _____,
teléfono _____ fax _____,
correo electrónico _____
Nome do proxecto _____.
País _____.

EXPÓN:

Que certifica a autenticidade de todos os datos que achegou e que asume a
responsabilidade no país de destino do/da voluntario/a

SOLICITA:

Que sexa admitida a candidatura de don/dona _____
para a participación no Proxecto de Coñecemento da Cooperación (PCC) en
_____ dentro do proxecto de cooperación denominado
_____ que
desenvolve coa contraparte local _____.

En _____, a _____ de _____ de 2014
(sinatura da persoa responsable e con representación legal da entidade peticionaria)

ANEXO VI
DATOS DA ONGD E DA CONTRAPARTE

1. DATOS DA ONG			
Nome			
Domicilio social			
Persoa de contacto		Teléfono	
Páxina web		Correo electrónico	
Rexistro Galego de ONGD		Fax	
2. DATOS DA CONTRAPARTE LOCAL			
Nome			
Domicilio social			
País			
Persoa de contacto		Teléfono	
Correo electrónico			